

**PRESENTACIÓN DO *ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO*, VOL.
III: *FONÉTICA****

(A Coruña, 18 febreiro de 2000)

MICHEL CONTINI
Université Stendhal. Grenoble III

Excelentísimo Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,
Excelentísimo Señor Vicepresidente da Fundación “Pedro Barrié de la Maza”,
Ilustrísimos señores, queridos amigos,

Quero en primeiro lugar agradecer esta invitación que me permitiu emprende-la miña quinta peregrinaxe a Galicia, a onde acudo, cada vez, coa mesma emoción e co mesmo pracer. Quero agradecer tamén a honra que me fan ó me convidaren á presentación oficial do terceiro volume do *Atlas Lingüístico Galego*.

Para un dialectólogo, a aparición dun Atlas é sempre un acontecemento de enorme magnitude, a coroación de anos de traballo perseverante, salferidos de momentos de exaltación coma os que se producen cando un ten a sorte de descubrir elementos aínda descoñecidos, ou banzos perdidos que nos permiten reconstruír unha evolución lingüística ou confirmar unha orixe que se consideraba ata daquela hipotética. Pero tamén, por veces, con momentos de abatemento, fronte á amplitude da tarefa a realizar. Os mapas dun Atlas, sabémolo ben, contan unha longa historia feita de xuntanzas de traballo, ó redor dunha mesa, para a escolla dos cuestionarios e das localidades da rede; unha longa historia de enquisas sobre o terreo, de encontros coas xentes das vilas e das aldeas, de descubrimento dun universo cultural moi a miúdo esquecido; unha historia, tamén, de longas semanas ou de meses pasados a transcribi-las grava-

* Palabras pronunciadas polo profesor Michel Contini, director do *Atlas Linguistique Roman*, no acto de presentación do terceiro volume do Atlas Lingüístico Galego, que tivo lugar na sede da Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, Conde de Fenosa, na cidade da Coruña, o día 18 de febreiro de 2000.

Una parte da exposición foi feita en galego e outra en italiano. Agradecemos a Ruth Vázquez González a traducción ó galego da parte exposta en italiano.

cións, a sintetizar e intrepreta-los datos na súa repartición xeográfica e a analiza-la súa importancia desde o punto de vista diacrónico. A obra que nós temos hoxe diante dos nosos ollos coñeceu tamén unha historia semellante, unha historia que tamén eu vivín hai algún tempo. Por iso, hoxe, eu comparto a felicidade e a satisfacción dos meus colegas e amigos galegos, de Manolo González González e de tódolos colaboradores que participaron na realización deste traballo, cando ven acabado outro anaco importante da súa “obra mestra”.

Por outra parte, como romanista comprometido na vasta empresa internacional do *Atlas Linguistique Roman* -e estou seguro de expresar aquí o parecer de tódolos meus colegas que participan neste mesmo proxecto europeo-, non podo senón alegrarme deste novo florón da dialectoloxía galega que constitúe un innegable logro científico. Despois dos dous excelentes volumes que o precederon, dedicados á morfoloxía verbal e á morfoloxía non verbal, este que se presenta hoxe proporciona unha contribución decisiva para o coñecemento do fonetismo do voso dominio lingüístico. Cos que van seguir, dedicados ó léxico -e que esperamos xa con impaciencia- poderemos dispoñer, en non moi longo prazo, dunha visión completa, profunda, de tódolos aspectos do galego e de toda a riqueza da súa variabilidade dialectal. Isto ten unha importancia capital non só para os especialistas deste dominio lingüístico, senón tamén para o conxunto dos romanistas que contan cunha nova tesela que vén completa-lo mosaico das variedades do espacio románico.

Que o voso exemplo sexa seguido polos colegas que traballan actualmente na realización de Atlas do mesmo tipo noutras áreas lingüísticas.

Permitídemme que faga algunhas reflexións sobre o Atlas de Manolo e dos seus colaboradores. Como especialista en fonética, quero dicir que a publicación dun volume completo do *ALGa* dedicado á fonética me alegra de maneira moi especial. É un feito ben singular que merece ser destacado. A pesar da rareza destes traballos, non podemos esquecer, sen embargo, nun momento coma este, que o primeiro atlas lingüístico, que pode considerarse coma o punto de partida da xeolingüística moderna, foi o *Petit Atlas Phonétique du Valais Roman*, publicado por Jules Gilliéron no 1882, hai xa 118 anos. O autor sabía ben que a variabilidade dialectal aparece máis claramente na estrutura fonética ca noutros compoñentes da lingua como a morfosintaxe ou o léxico.

Aínda así, a xigantesca obra que o propio Gilliéron publicou vinte anos máis tarde centrouse especialmente no léxico, e así o faría tamén a gran maioría dos atlas lingüísticos nacionais e rexionais que -seguinto as ensinanzas do *Atlas Linguistique de la France*- se publicaron en tódolos países da área románica e doutras áreas non románicas.

Podemos tomar como exemplo Francia, coa xigantesca empresa do *Atlas Linguistique de la France par Régions*, promovido polo CNRS. Os 25

proxectos rexionais produciron ata hoxe cerca de 70 volumes. Entre estes proxectos xeolingüísticos –case todos xa rematadas– coa edición de 3 a 6 volumes cada un, non hai ningún que dedicase un volume ós trazos fonéticos. É mais, hai que dicir que a maior parte deles non dedicou á fonética nin un só mapa. Sen embargo, hai dúas excepcións que merecen ser destacadas. A primeira é a do *Atlas Linguistique de la Gascogne* de Jean Séguy, que destina 204 mapas do VI volume ó estudio do fonetismo extraordinariamente importante do gascón (dos que 6 se ocupan do sistema fonolóxico, cousa aínda máis rara). A segunda excepción é a do recente *Nouvel Atlas Linguistique et Ethnographique de la Corse* de Marie José Dalbéra Stefanaggi que, no primeiro volume, lle dedica á fonética e á fonoloxía das falas corsas 67 mapas con símbolos, coma este volume do Atlas Lingüístico Galego.

Noutros moitos atlas, os autores non fan verdadeiros mapas fonéticos, senón que se limitan a facer unha escolla dos mapas léxicos que, grazas á transcripción fonética das designacións, permiten deduci-los resultados actuais da evolución do vocalismo e do consonantismo latino en cada lugar da rede de puntos que se considera. É certamente este obxectivo o que se pretendía coa publicación dos 70 mapas do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* de Navarro Tomás, obra que, desgraciadamente, quedou interrompida. O mesmo obxectivo atopámolo na escolla dos mapas fonéticos que M. Alvar presenta en tódolos atlas rexionais da área española (173 no *Atlas ALEA* andaluz, que contén tamén 35 mapas fonolóxicos con símbolos que poden ser considerados coma un prototipo para o iberorromance; 199 no *Atlas Lingüístico y Etnográfico de las Islas Canarias*; 153 no *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y La Rioja*, e 126 no *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Cantabria*). A mesma preocupación encontrámola nos 100 mapas de interese fonético seleccionados por L. Rémacle para o primeiro volume do *Atlas Linguistique de La Wallonie* ou mesmo, na Romania Nova, nos 120 mapas “fonéticos” que constitúen o primeiro volume do *Atlas Lingüístico de México*, de Lope Blanch.

Aínda así –os dialectólogos sábeno ben–, á falta dunha elaboración directa levada a cabo polos autores, sempre é posible apañarse sós, facendo, con moita paciencia e perseveranza, a recolleita dos datos fonéticos contidos nos mapas léxicos que poden, nalgúns casos, chegar a ser moitos milleiros e mesmo millóns.

É, polo visto, innecesario subliña-la importancia dun atlas coma o da área galega. Os seus mapas (423) obtidos das respostas a 148 preguntas específicas de fonética e do exame do fonetismo das respostas léxicas, nunha rede de 167 lugares, supoñen un longo traballo de recolleita e de análise de ducias de milleiros de datos para poder propoñe-lo traballo de síntese que estes representan. Estes mapas permítenlle a tódolos especialistas da área lingüística galega e mesmo a tódolos romanistas atopar in-

mediatamente “la pappa fatta” (=todo feito), recorrendo a unha expresión italiana ben coñecida.

En efecto, os mapas preséntannos un cadro preciso do sistema fonético galego, poñendo en evidencia tanto as características diferenciadoras coma os trazos fonéticos unitarios, comúns a toda a área que o atlas cobre.

En resumo, temos diante dos ollos un cadro preciso dunha situación lingüística, daquela que R. Jakobson chamaba “la charpente phonique” (estructura fónica), para o conxunto das falas ou das variedades da área galega. Isto non quere dicir que antes da publicación deste atlas e dos volumes que o precederon non se soubese nada ou moi pouco da estrutura fonética do galego. Evítolle-las molestas citas bibliográficas. Para o que concerne á fonética limitareime a recordalos nomes dun gran número de especialistas que dedicaron a este aspecto importantes contribucións: desde Dámaso Alonso a Zamora Vicente, desde Manuel Alvar a Constantino García e desde min mesmo a Manolo González González e Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina, Ramón Lorenzo, José Luis Pensado, Carmen Pensado Ruiz... e tantos outros. Pero, por riba das numerosas contribucións coñecidas ou menos coñecidas, dedicadas frecuentemente a un ou outro aspecto do sistema fonético, este volume do Atlas Lingüístico Galego ofrécenos unha visión global de tódolos resultados actuais da evolución fonética e do reparto xeográfico de cada un dos fenómenos. Temos, diante dos ollos, claramente definidas as tres grandes áreas -occidental, central e oriental-, pero tamén as subáreas e as de pequeníssima extensión. Penso, sobre todo, na área occidental na que se descobre unha gran variedade de realizacións sibilantes da zona alveolar e dental, caso bastante excepcional na área románica, e que recorda a situación das áreas andaluzas tal e como o revelan, entre outros, os mapas do *ALPI*.

Do mesmo xeito, tamén hai que subliña-la perfecta lexibilidade dos mapas -¡cousa non sempre lograda en moitos atlas!-, gracias á claridade e á lóxica na escolla das formas e das cores dos símbolos. Cómpre aínda salienta-la utilidade das notas que achegan valiosos complementos de información: sobre as fontes das que son deducidos os trazos estudados, sobre a presenza de variantes nun mesmo lugar e, sobre todo, de variacións interxeracionais, que descubren as tendencias evolutivas en curso. Tamén é de extremada utilidade a presenza dun índice ó final da obra cos trazos estudados e coa correspondente referencia ó mapa ou mapas nos que poden ser observados.

En resumo, unha obra de alto nivel científico que, sen dúbida, espertará un novo interese pola lingua galega no ámbito local e internacional e espero que novas vocacións.

Tamén como responsable do *Atlas Linguistique Roman* quixera expresar toda a miña satisfacción pola publicación deste volume e dos dous

que o precederon. O Atlas Románico, de feito, ten prevista a realización dun volume sobre a fonética histórica (con cerca de 300 mapas) e un volume sobre morfoloxía (cuns cincuenta mapas). Agora, a contribución dos compañeiros galegos está xa lista. Se tódolos convidados das distintas áreas lingüísticas románicas fixesen un bo traballo coma o voso, os dous volumes do *ALiR* poderían ve-la luz dentro de pouco tempo.

Sen embargo, non en tódolos sitios se traballa con tanto ardor, con tanta perseveranza e con tanto espírito científico coma aquí onda vós. E, o ve-lo gran traballo que se está facendo aquí, en Galicia, pola defensa, a conservación e o renacemento da lingua galega, prodúcese unha profunda admiración. Eu pertenzo a outra minoría lingüística que é a sarda e preocúpame moito, coma a vós, a supervivencia e o desenvolvemento desta lingua. Sen embargo, teño que constatar que, excepto unha minoría de apaixonados defensores, falta onda nós unha vontade política forte de tutela da lingua, falta tamén un verdadeiro empeño na maior parte dos universitarios, falta un proxecto científico de revalorización a través de obras coma o voso atlas ou coma a realización dun diccionario. Falta unha Academia para coordinar e oficializar tódalas accións dirixidas á revalorización da lingua.

Entre nós -e isto vale tamén para máis aló da miña illa-, cando se fai unha descuberta arqueolóxica (unha tumba, os restos dun asentamento prehistórico durante a construción dun edificio ou dunha estrada) tódolos traballos se interrompen, a miúdo durante meses e meses. Mobilízase a opinión pública para defende-la descuberta arqueolóxica, que é considerada coma unha parte do patrimonio cultural. E é xusto que así sexa. ¿Pero, a lingua que falamos, que falan os nosos pais, os pais dos nosos pais, non será tamén un patrimonio para preservar? Ela constitúe a herdanza de milenios da nosa cultura, o vehículo que permite transmitila ás xeracións futuras. ¿Como se pode imaxinar unha Galicia sen galego ou unha Sardeña sen sardo?

A defensa da lingua debería se-lo primeiro obxectivo para defende-lo noso patrimonio cultural. Aquí, en Galicia, decatástesvos disto hai tempo, tal e coma o demostran as brillantes execucións coma o atlas que se presenta hoxe.

Espero que o exemplo que nos dades, queridos compañeiros e amigos, poida provoca-la emulación noutras áreas de lingua minoritaria... comezando pola miña illa natal. Gracias.